

Desde que no ano 1983 fora fundado o Grupo de Danzas Amor Ruibal, un colectivo de nenos, mozos e non tan mozos vén dedicándose con esforzo e ilusión á conservación e difusión do folclore tradicional. Hoxe, máis de 28 despois da súa creación, son 59 as persoas que, con idades comprendidas entre os tres e os 47 anos e a mesma ilusión dos seus predecesores, levan os bailes e as tradicións galegas alá onde van. Con eles, atravesando fronteiras, viaxa tamén o nome de Barro.



Integrantes do Grupo de Danzas Amor Ruibal.

## De bailes con Amor Ruibal

Se hai algo que sexa tan coñecido e popular en Barro como a Igrexa de San Martiño de Agudelo, a Fervenza da Maqueira, a Romería de San Breixo ou a Festa do Viño é o Grupo de Danzas Amor Ruibal, non en van leva desde outubro de 1983 marcando o ritmo deste concello pontevedrés.

Foi grazas a iniciativa dun grupo de pais do colexio Amor Ruibal como esta agrupación comezou a dar os primeiros pasos no mundo do folclore tradicional para, cinco anos despois, independizarse. Así, desde o ano 1989, está inscrita no Rexistro Civil, na Consellería de Cultura e no censo de Asociacións e Entidades Culturais de Galicia, aínda que o primeiro convenio coa Deputación data xa desde o ano 1986.

Ó longo dos seus 28 anos de historia, o Grupo de Danzas Amor Ruibal levou a cabo numerosas

[repOrtaxe] **O Grupo de Danzas Amor Ruibal de Barro naceu en outubro de 1983 e actualmente está formado por 59 compoñentes**

[escribe **Marta Baloi** | fotografía **Amor Ruibal**]

actuacións, entre as que destacan as feitas por toda a xeografía portuguesa, que ascenden xa a 18 e, por suposto, as realizadas por todos os recunchos de Galicia. Ademais de distintos festivais culturais e folclóricos, romerías, pasarrúas, vodas e inauguracións, a súa presenza mesmo foi requirida nos platós de televisión, participando no programa da TVG 'Galicia enteira' (1998) e dúas veces no programa 'Luar' (2007). No ano 1992, coincidindo coas

Olimpiadas de Barcelona, a formación de Barro mantivo un intercambio cun grupo folclórico catalán, de maneira que puideron brindarlle unha pequena demostración do folclore galego. Co obxectivo de repetir esta experiencia con outros grupos de Galicia, España e Portugal, no ano 1994 o Grupo de Danzas Amor Ruibal organizou o seu primeiro festival de folclore, tamén coñecido como Festival das Tradicións. Desde entón teñen participado

neste evento numerosos grupos de Galicia, Portugal, León, Asturias, etc... Na última edición, que tivo lugar o 2 de xullo de 2011 na explanada do Pazo da Crega, ademais do Grupo de Danzas Amor Ruibal de Barro, que interveu e actuou como anfitrión, participaron os grupos Celme, de Pontevedra; Nós, de Sobradelo; Xamaraina, de A Guarda e as Pandereteiras de Carballeira, de San Clemente (Caldas de Reis).

**Viaxes** | Non menos importantes foron as actuacións que permitiron que o nome de Barro chegara a terras de Asturias (2006), Ibiza (2007) ou Barcelona (2009), onde os compoñentes de Amor Ruibal participaron nunhas xornadas nas que compartiron escenario con grupos de Serbia, Chipe, Moscú e Macedonia. Malia que desde a primeira á úl-

tima das actuacións realizadas teñen importancia, o pasado ano a formación de Barro viviu o que é xa un dos grandes fitos da súa traxectoria, xa que no mes de agosto de 2011 o Grupo de Danzas Amor Ruibal viaxou por primeira vez máis alá dos Pireneos. Fixoo para representar a Galicia nun Festival Internacional na República Checa, o Jarmark de Praga, un dos eventos folclóricos máis importantes e populares do país. Ademais do grupo de Barro, a súa octava edición, que se desenvolveu en varios escenarios da capital checa, contou coa participación de aproximadamente 20 grupos máis, entre eles dous mexicanos e outro galego, Queixumes dos Pinos.

**Compoñentes** | E, como sempre, levando adiante estas iniciativas están Gonzalo e Anne Negrreiro,

# "Só pido que sigamos unidos"

directora deste grupo, formado na actualidade por un total de 59 compoñentes con idades comprendidas entre os tres e os 47 anos, repartidos entre a escola, o baile, e o grupo instrumental.

Pequenos e maiores dan forma e ritmo a unha gran variedade de pezas: muñeiras, jotas, pandeiradas, polcas, vals, etc... O vestuario, denominado 'de gala', é outro dos aspectos que máis cuida o grupo de Barro para traballar a prol da transmisión e conservación do folclore tradicional galego, o principal obxectivo desta formación. Así o expresan as verbas da súa directora: "O feito de poder mostrar as nosas tradicións, descubriendo o valor da amizade cos compoñentes de outras agrupacións folclóricas, fan que cada ano nos sintamos motivados e entusiasmados de seguir amosando a nosa cultura a través dos nosos bailes".

Despois de 29 anos na formación, se alguén coñece ben os soños, segredos e inquietudes de Grupo de Danzas Amor Ruibal é a súa directora, Anne Negreira.

## Como lembra os comezos?

—Con moito cariño e ilusión. Eramos unha morea de nenos e nenas ilusionados por aprender algo que para nós era completamente novo. Ensaibamos catro horas á semana. O noso primeiro mestre, Suso, non só nos daba clases, senón que nos transmitía esa ilusión polo baile.

## Cales foron os mellores momentos destes anos?

—Hai tantos... Para min un bo momento é poder estar con todos os meus compañeiros compartindo esa afección polo baile. Poder compartir cos máis pequenos ese sorriso, esa inocencia, ese abrazo de benvida... Cantas veces tiven que dar clases con algún neno no colo

para poder consolalos. Agora que xa son uns mozos miro para eles e non podo esquecer os seus comezos. Só de pensalo, échensenne os ollos de bágoas. Tiven millóns de momentos bos. Teño uns compañeiros estupendos. Proba diso foi o moito que se volcaron na organización do festival do noso 25º aniversario.

## Eos peores?

—Grazas a Deus non houbo moitos momentos malos. Quizais o peor foi o que pasou hai moitos anos, cando faleceron varios dos nosos compañeiros. Para min tamén é un momento, xa non difícil, senón triste, cando algún decide deixar o grupo polos motivos que sexa.

## A que dificultades debe facer fronte unha agrupación como Amor Ruibal?

—As maiores dificultades coas que nos atopamos, a pesar de que imos tirando, son as económicas, coma

todas as agrupacións. Tamén nos gustaría poder contar cun local de ensaio máis grande.

## Os membros do grupo teñen idades moi diferentes, como é a convivencia?

—A máis pequeniña debe andar nos tres anos e a maior nos cuarenta e tantos. Á hora de ensaiar o grupo está dividido por idades. Coincidimos nas actuacións, nos festivais, nas comidas... pero a convivencia é moi doada. Non vou negar que de cando en vez hai malas caras, pero normalmente non hai problemas, cuidamos os uns dos outros.

## Que distingue a Amor Ruibal doutras agrupacións?

—A calidade humana, ese gran corazón, esa amizade, ese respecto, ese cariño... Somos como unha gran familia. Levo 29 anos no grupo e vexo ós meus compañeiros coma se foran os meus irmáns

pequenos.

## E o futuro, como se presenta?

—Agardo que siga sendo coma ata o de agora ou mellor, pero nunca peor. Só lle pido que poidamos seguir unidos e que non deixen de faltarnos as actuacións e o apoio por parte das distintas institucións. Tamén que sigan entrando alumnos novos para poder seguir ampliando o grupo.

## E postos a soñar...

—Eu sempre quixen que Amor Ruibal fora un grupo non só local nin nacional, senón que fora un grupo internacional, que fora das nosas fronteiras nos puideran coñecer. Xa estivemos bailando por varios lugares de España, en Portugal e en Praga e este ano continúa nun proxecto internacional no que países como Italia, Rumanía, Francia, Chipre, etc...poden chegar a formar parte do noso currículo de actuacións. A ver que pasa...■

O Grupo de Danzas Amor Ruibal cuida moito o seu vestuario, denominado 'de gala'

En 1994 organizou o seu primeiro Festival de Folclore para realizar intercambios con outros grupos

Percorreu Galicia e Portugal e realizou actuacións en Asturias, Ibiza e Barcelona

O pasado verán participou nun festival internacional na República Checa

Actuou en varias ocasións en diversos programas da televisión autonómica



Arriba, os compoñentes máis pequenos do Grupo de Danzas Amor Ruibal. Abaixo, os maiores.



## JOHNNY GÜIMIL, O MESTRE

Mestre de baile no Grupo de Danzas Amor Ruibal de Barro desde o mes de novembro de 2010, Johnny Güimil, nacido en Barro hai 35 anos, traballa con nenos e nenas a partir de tres anos.

Integrante da Agrupación Fo-

lclórica Celme desde o ano 1994, participou con este grupo en festivais internacionais, recorrendo todas as comunidades autónomas da Península, así como Europa e América. Así, grazas á invitación da Peña Galega de Los Angeles,

en Estados Unidos, no ano 2005 puido visitar con Celme lugares como San Francisco, Los Angeles, Hollywood, Beverly Hills, San Diego, Santa Mónica e Las Vegas. O pasado verán viaxou a terras escocesas para participar, tamén

con Celme, no festival Dunedin Dancers. Tamén colabora coa banda de gaitas Os Coribantes de Buchabade, de Pontecaldelas, coa que participou no Festival Internacional de Picanya (Valencia).